

¡NON TE AMOLA!



XELA ARIAS

HOMENAXE
DO
CONSELLO
DA CULTURA GALEGA



MMXXI

¡NON TE AMOLA!



XELA ARIAS

Ilustraciones de Bea Gregores

ISBN

978-84-17802-50-1

DEPÓSITO LEGAL

C 583-2021




LIMIAR
POR
ROSARIO ÁLVAREZ




Presidenta do
Consello da Cultura Galega



Para isto serven os libros



«Agora na primavera fixen nove anos 
Son moitos para non procurar nada de
proveito na vida, así que vou escribir
un libro»  Así arrinca a obra que po-
ñemos nas túas mans nestoutra prima-
vera, a de 2021, o ano en que Galicia
enteira homenaxea a Xela Arias no Día das
Letras Galegas 

Segundo o sentir feito público pola Real
Academia Galega, a elección de Xela Arias como
figura deste ano apóiase en primeiro lugar en
que foi autora dunha poesía singular, transgre-
sora, sincera e comprometida  Poesía de mu-
ller adulta, rompedora, atrevida, sorprendente,
non lúdica mais ás veces pícara, incapaz de dei-
xar a ninguén indiferente  Poesía na que Xela
Arias, cun perfecto dominio do idioma e un
impresionante instinto lingüístico, xoga coa gra-
mática e explota con mestría as súas claves ata
moito máis alá dos límites nunca antes explora-
dos  Hai que ter unhas boas doses de xeniali-

dade para dalo feito desde dentro do sistema e sen o dinamitar! ♪ A Real Academia Galega salientou tamén o seu decisivo labor como editora, na altura de difusión e implantación da norma lingüística do galego contemporáneo, e sobre todo o de tradutora, pois verteu á nosa lingua milleiros de páxinas coas que nos deleitamos galegas e galegos de todas as idades, cumprindo o vello soño de ler na lingua de Galicia tantos monumentos de clásicos universais ♪ A Real Academia Galega celebra igualmente a dimensión pública e comprometida da súa vida e da súa obra ♪

O Consello da Cultura Galega fai súas todas estas motivacións e únese á homenaxe pública cun rosario de actividades diversas, con vontade de percorrer da man de Xela todo o ano: creación e tradución, verso e prosa, letras e voces, literatura e música... ♪ Entre elas salienta, con entidade propia, como xa se fixo tradición, a edición conmemorativa dunha obra singular da autora homenaxeada ♪ Por iso poñemos nas túas mans *¡Non te amola!*

A escolleita para esta ocasión non representa ningún dos pés da trepia que sostén a súa feliz

memoria ♡ É unha obra en prosa, escrita nun galego coloquial verosímil como lingua espontánea nunha nena galegofalante; non hai neologismos desconcertantes nin equilibrios sintácticos nas fronteiras da gramática, senón pura lingua galega nacida da vea máis auténtica do uso popular cotián (e sempre dentro da norma establecida, que para iso foi feita sobre a lingua do pobo) ♡ Permaneceu inédita ata este ano, mais foinos ofrecida para esta ocasión especial pola súa familia (beizón!), sabedora de que a vontade de Xela Arias era editala e non retirala para sempre da circulación, como fixo con outras obras inéditas; conviñemos todas as partes en que esta edición conmemorativa e non venal, especial tamén no formato e ilustracións, non debía ser obstáculo para unha divulgación editorial máis ampla, por outras vías ♡ Pareceu-nos que esta obra «diferente» no seu fardel de escritora representa moi ben á Xela Arias que sempre levou en si a nena de Ortoá e que nunca deixou de confiar na capacidade transformadora da literatura e da palabra ♡

¡Non te amola!, di a protagonista e autora ficcional (en adiante a Autora), é un relato das súas

experiencias –que aos seus nove anos xa se lle acumulan!–, das que acontecen e das que lembra, e incluso das mentiras que se lle ocorren e que ás veces poden ser o mellor do día ♪ E, engadimos nós, dos seus soños, preocupacións, reflexións ♪ Sen un principio nin un final, porque «o que a un lle acontece non empeza e logo acaba. Namais acontece» ♪

Ese pequeno microcosmos é un mundo enteiro ♪ A aldea, non só como territorio de infancia, senón como espazo amigable no que un se sente seguro e ao que sempre se pode volver, áncora afectiva nunha estirpe; e a cidade, ben que sexa ollada desde o barrio ou a periferia, outro mundo por descubrir, outros espazos, outros modos de socialización ♪ A rede familiar, co seu núcleo –nai, pai, irmáns...– alargado en estreitas relacións familiares, presidida polas figuras excepcionais dos avós e avoas; non hai que reivindicala nin que facer por visibilizala: está sempre aí, como lenzo que inspira e sostén o acontecer e lembranzas de cada un ♪ A memoria e a iniciación, a cadea de transmisión dos vellos saberes, os xogos e as picardías, o des-

concerto co mundo dos adultos, as ocorrencias e os descubrimentos... ♪ As lecturas e a inquedanza intelectual, a ansia do saber, a aventura do coñecemento ♪

¡Non te amola! proclama a importancia da escritura como forma de intervención ♪ No intre en que a Autora decide facer algo de proveito e escribir un libro coloca, con todo, a dúbida de se os libros serven para algo e de «se facer un libro é [realmente] facer algo de proveito» ♪ Porque nunha casa con estantes cheos de libros que rozan os teitos dos cuartos, nos que le toda a familia, parece que os efectos beneficiosos da lectura están fóra de toda discusión; e, naturalmente, cómpre que os escriba alguén que ten algo que contar, aínda que sexa unha cativa de nove anos, a maior dos irmáns, porque... ♪ «A ver se non vai ter nada que aprender o Xoán de min!» ♪

Mais, para a Autora, a importancia da escritura como forma de descubrimento vai moito máis aló, porque á fin e ao cabo «mesmo as cousas inútiles teñen sentido» ♪ Comprende que no seu propio proceso reflexivo da escritura perci-

be aspectos e establece conexións nas que doutro xeito nunca repararía: «Un ponse a falar dos seus avós, ou do que pensa, ou dun día que se mudou de casa, e vai e remata por descubrir que as leis están mal» ♡ Por iso é importante non só que todos lean, senón tamén que escriban: para decatarse en por si dos desaxustes e descubrilos entre todos, para logo facer algo co fin de, solidariamente, comunitariamente, emendar os erros, «¡E cambia-lo mundo!» ♡ Porque... «para isto tamén serven os libros» ♡

Saberedes máis de Xela Arias, da súa obra e deste libro lendo o estudo introdutorio de Ana Iglesias, da Universidade de Vigo, lingüista, que a coñeceu moi de preto ♡ Veredes nel a alianza perfecta entre a análise exquisita da obra de Xela feita pola filóloga experta (non esquezamos: *filóloga* ‘a que ama as letras’) e o corazón da amiga que a interpreta desde o coñecemento íntimo, a complicidade, a lembranza gozosa e soidosa dos anos e angueiras compartidos ♡

Esta edición de *¡Non te amola!* sae ilustrada por Bea Gregores, unha dos novos talentos do vizoso universo da ilustración galega ♡ Procura-

mos atinar co acompañamento que a Xela lle
gustaría para o seu libro ♪ E ela sempre estivo
atenta tanto ao diálogo con outras artes coma a
establecer vencellos coas xeracións que debe-
rían ser continuidade e relevo, en cadea ininte-
rrompida ♪ Na nosa opinión, Bea Gregores cap-
tou a esencia do libro e devólvenola en preciosas
imaxes ♪ Vós xulgaredes ♪

ESTUDO



EN DIÁLOGO CON XELA



POR

ANA IGLESIAS

Universidade de Vigo

UNHA GRAN SORPRESA

Vou de sorpresa en sorpresa. Esta Xela... aínda agochaba máis do que eu pensaba, que xa é dicir... Eu sabía que ela o quería así: amosar só certas caras de si mesma e amosarlle a cadaquén o que a ela lle petaba... Atraíame e sempre o aceptei. Penso que a ela tamén lle gustaba: saber que non a xulgaba e que lle deixaba ensinarme o que ela quixese, sen tampouco preguntar demasiado, senón deixándolle escoller o que querer contar. Se agora lle fixese unha entrevista, con motivo da súa importante homenaxe como protagonista do Día das Letras Galegas (neste ano tan especial e distópico...), sería unha entrevista das que chamamos «en profundidade», das que mellor saen canto menos ten que intervir a entrevistadora: só formulando as preguntas xustas para que a entrevistada se solte a falar, deixando que sexa ela quen escolla que contar, como contalo e en que orde.

E, por certo, pensarían os da Academia no estraño deste ano 2021 para escollela? Ao principio non caín en que era un ano ben especial para que lle tocase precisamente a ela ser a autora das Letras; despois, pensei que vaia mala sorte, por se aínda non íamos poder realizar os actos en persoa, que triste... e agora penso que ao mellor ata lle gustaba... porque non é un ano calquera, non, é un ano no que temos que superar algo moi grande e temos que facelo de forma colectiva, uf! Si, seguro, a Xela encantaríalle: xa a estou vendo analizando todas as causas e consecuencias deste virus e personificando o virus e inven-

tando monstros, fantásticos e non tanto, que trouxeron este virus como castigo ou quizais como advertencia...

Despois desta digresión, volvo ao rego. Neste texto, podo permitirme as digresións, como fai a Xela de 9 anos narradora dos contos que estamos a presentar, unha Xela que xoga ás pelexas no soar ao lado da súa casa, que bota de menos as conversas cos avós, alá na aldea, aos que pide ir visitar coma se se tratase da mellor das películas no cine, unha Xela que quere ser directora de orquestra, pero tamén se imaxina moi facilmente como mestra ou enfermeira (non é casualidade: dúas profesións de coidados, tan importantes precisamente nesta situación que estamos a vivir). Estou moi orgullosa de ser mestra e Xela tamén o estaba, moito. Despois falaremos disto, da educación, unha das súas teimas, que ela tamén tiña dereito a ter «teimas», como lle di á súa nai no segundo dos contos.

Pois ao caso, estaba a dicir que vou de sorpresa en sorpresa... Pero Xela escribía contos? Nin idea. E escribía contos desde a visión dunha nena, ela mesma, con 9 anos? Contos infantís? Maior sorpresa. E contos de temática tradicional, sobre vacas, leiras e Santa Compañía? Non daba crédito... Ata tardei un pouco en lellos porque me daba medo non recoñecela neses contos. Eu coñecía unha Xela urbana, moderna, adiantada ao seu tempo... Por certo, que un dos temas destes contos logo descubrín que era o medo, ou mellor dito os medos, pero disto falaremos tamén máis adiante. Cando por fin me atrevín a lellos, rinme de min mesma. Claro que eses contos eran Xela, eran toda ela en todos e cada un. Isto si que foi unha sorpresa! E un agasallo! Un agasallo enorme concentrado en sesenta

páxinas e dezaseis contos, porque ela era así, precisamente, concisa, por iso o xénero literario que máis lle acaía era a poesía.

Xela Arias escribiu estes contos arredor dos anos 1990 ou 1991, con case 30 anos de idade; e tivo a oportunidade de publicalos, pois ata lle concederan unha subvención para facelo, da Consellería de Cultura e Xuventude, o 26 de xullo de 1991 (25 000 pesetas), cando xa tiña publicados os seus dous primeiros poemarios, *Denuncia do equilibrio* e *Tigres coma cabalos*, que saíra á luz aínda o ano anterior. Porén, unha vez máis, tomou unha decisión: que quedarían para ela e a súa familia, que non era o momento de compartilos. E renunciou á subvención. Descoñecemos os motivos, pero podemos imaxinalos. O seu irmán Lois considera que non lle parecía oportuno naquela altura, debido a que supoñían unha ruptura co seu estilo literario, coa imaxe que como escritora e poeta estaba a forxar e proxectar. Así que os gardou e agora descubrímoslos, como un tesouro oculto todos estes anos, un tesouro que nos revela outra faceta de Xela e que, ao mesmo tempo, nos fala dela.

Antes de ler os contos, que estiveron tamén gardados no meu ordenador varias semanas, esperando por min, xa que non podía escribir sobre eles, porque aínda non me atrevera a meterlles o dente, púxenme a escribir sobre o que Xela significaba para min, buscando e seleccionando as características que eu pensaba que mellor a definían. E como xa levaba moitas palabras apuntadas, ocorréuseme que case tiña un alfabeto enteiro... E como ela nos agasallara, ademais dos seus poemas e traducións, con

este libro de contos, e caín na conta de que eu nunca lle fixera un agasallo, pensei en que lle podía facer entrega deste alfabeto: o meu alfabeto para Xela. E cando, como digo, por fin lin os contos, quedei coa boca aberta, porque alí estaban presentes as principais características que eu pensara para Xela. E non me refiro só a grandes palabras, como «medo», «preguntas» ou «avós» e «irmáns», senón ata palabras pequenas, como «coche» ou «sombreiro».

Gustoume tanto lelos... porque estes contos son Xela e, como Xela, sorprenden e cumpren expectativas asemade. Así era ela, capaz de abraiar e non decepcionar ao mesmo tempo. E isto, ser quen de unir contrarios, tamén é Xela. Ela dío nun dos primeiros contos, un dos dedicados á familia, aínda que en realidade todos están dedicados á familia, porque esta é unha das palabras clave do libro e da súa vida: a familia, que era tan importante para ela. Pois si, no cuarto conto, en referencia ao seu irmán pequeno, acabado de nacer, descríbeo así: «Este era un bebé feo e calado. Precioso». Así é: pódese ser feo e precioso a un tempo. Pódese ter as ideas moi claras e ter inseguridade. Isto preocupábame un pouco, porque nas palabras que tiña apuntadas para intentar transmitir a miña imaxe de Xela, algunhas resultaban contraditorias e pensaba que os lectores e lectoras podían non entender... Por iso me tranquilizou tanto ler esta frase marabillosa dos seus contos, como tantas outras, na que me parecía que me estaba dando permiso para ser contraditoria. Iso era o mellor dela para min: a súa gran capacidade de comprensión, porque entendía sobre todas as cousas que os seres humanos somos complexos e podemos ser unha cousa e a con-

traría ao mesmo tempo e que, ás veces, case sempre, chega con escoitar, sen xulgar, que as persoas o que necesitamos é que alguén nos escoite e nos comprenda, ou nin sequera, simplemente saber que hai alguén aí que é quen de sentir o que contamos.

Por iso unha das primeiras grandes palabras que me veñen á mente ao intentar describir a Xela é empatía, que hoxe está de moda, porque as palabras tamén entenden de modas, igual que resiliencia ou sororidade, palabras que son «trending topic» pero que Xela soubo anticipar, como tantas outras cousas, e sobre todo soubo practicar, que é o importante no caso destas grandes palabras, aínda que ás veces de tanto dicilas queden baleiras, como o cesto de peras da escritora do segundo conto; cando quedan baleiras seguen sendo bonitas, pero se non as enches de novo, perden o seu sentido, a súa función. Por iso é importante non *manosealas* demasiado; disto Xela tamén sabía, de non falar de máis, de saber estar calada, e encantáballe falar..., outra marabillosa contradición, fácil de resolver, só hai que saber cando é mellor falar e cando é preferible o silencio, para poder escoitar...

Por exemplo, Xela sabía que mentres o profesor explicaba non debiamos molestar e por iso nos botaba a *bronca* a Clara e a min, cando nos poñíamos de laretas, alí sentadas ao fondo da clase, no CUVI (Colexio Universitario de Vigo), con ela no medio... Poñíase nerviosa e dáballe vergonza que o profesor nos tivese que chamar a atención, xa adultas como eramos, pero a Clara e a min gustábanos demasiado falar..., parabamos e ao pouco volvíamos e Xela veña a rifarnos: sssshhht! Pero volvo aos contos,

aínda que a mente marche pola súa conta a tantas escenas, que recordo tan vívidas que me parece mentira que pasasen xa máis de 15 anos, máis de 20 ou mesmo 25 nalgúns casos... Tiven que botar man da calculadora, por se me enganaba, non pode ser que levemos tantos anos sen ela, aínda a sinto tan cerca...

Pero estaba dicindo que ao saber da existencia destes contos, pensei enseguida que eran o último agasallo de Xela e, ao lelos, deime conta de que acertara: eran de verdade un agasallo, no sentido literal da palabra, non do figurado, porque ela os escribira como tal, en primeiro lugar para os seus avós, protagonistas de moitos dos contos, de forma premeditada, para que non se perdesen polo menos algunhas das súas historias, para transmitirnos eses seus recordos da aldea e dun mundo destinado a desaparecer, porque aínda que segue habendo aldeas, xa non son como as de antes... Esta foi unha das maiores sorpresas deste libríño: os recordos de aldea de Xela, que tiña gardados (non lembro que nos falase nunca diso), pero que quixo á fin compartir, en memoria e homenaxe aos seus avós, Pedro e Amparo, Ilduara e Manuel, e á súa tía Irene, e a través deles a toda esa xente que soubo vivir e compartir en tempos tan diferentes dos actuais, que xa non son tampouco os de Xela, pois aínda que me pareza mentira, Xela xa non coñeceu o Facebook, nin o whatsapp, nin twitter, nin instagram..., estoutras formas de comunicarnos, algo tan importante para ela, a comunicación, a linguaxe, as palabras e os silencios, claro, sempre o *yíng* e o *yang*, e polo medio todos os grises e as cores posibles,

como as cores dos cadros que pintaba Lois, o seu veciño artista no libro e o seu irmán pequeno...

Igual que agora, quen lle ía dicir a Xela, co pouco que lle gustaba o protagonismo, que ía ter un ano enteiro dedicado a ela, todo o ano, cos seus 365 días, con pandemia, si, virtual ou presencial, pero un ano enteiro e ademais un ano moi especial, que nunca esqueceremos, pola pandemia, pero tamén porque Xela veu alegrarnos, polo menos un pouco, a tristeza deste ano distópico, que pon a proba a sociedade, e a romper a monotonía deste vivir case ou totalmente confinados, sen poder relacionarnos, aínda que, ao final, estamos a descubrir que é tal a necesidade de comunicarnos que acabamos buscando as maneiras: precisamente iso é a cultura, unha maneira de nos comunicar sen necesidade de termos o interlocutor diante, sen necesidade de nos tocar, a distancia, e dialogando sempre que queiramos, cando e onde queiramos. Por iso agora podo dialogar coa Xela que escribiu estes contos con pouco menos de 30 anos e, pola maxia que é a literatura, tamén coa Xela de 9 anos, protagonista e narradora destas historias. Xela, que agasallo tan bonito nos deixaches! Outro máis, á parte do teu corpo, nas fotos de Xulio, á parte das túas palabras feitas poesía, do máis fondo do teu ser: espírte por dentro e por fóra. Déchestenos toda ti e ao mesmo tempo sempre incompleta, deixando sempre algo para sorprenden..., dando e ocultando asemade, porque as persoas somos tan complexas que nunca nos damos de todo...

Descubro tamén intertextualidade cos seus libros posteriores, sobre todo con *Darío a diario*, o seu «manifesto

íntimo e interno de intencións maternas», cando leo xa no primeiro conto: «dáme mágoa que tamén ás veces nos queren pequenos para sempre». Así ela anima o seu fillo a ser o director da súa propia orquestra, aínda recoñecendo: «E hame custar verte optar se non o que propoño», pero asumindo que «así se fan persoas humanas».

E cando me dou conta xa pasei a mañá enteira lendo e falando con Xela a través dos seus contos. E despois viñeron máis lecturas, co meu fillo pequeno, e relecturas e, en cada unha delas, novas descubertas. E teño que confesalo, si, tamén tiña medo de ler os contos por se non me gustaban... E se me comprometera a escribir a introdución dun libro sen lelo e logo non me gustaba? Que horror! Esa mañá, despois de acabar de ler os contos de Xela, quedoume un sorriso na cara que tardou en borrarse... Cando fun buscar os meus fillos ao cole, notáronme e dixéronme: «tiveches unha boa mañá, mamá! Que che pasou?» E o que me pasara é que estivera falando con Xela outra vez, unha vez máis.

Grazas, Xela, por este bonito agasallo, no que te nos dás unha vez máis, toda *tu*, pero nunca enteira.

INTRODUCCIÓN PARA NENAS E NENOS

Nos contos que vas ler a continuación, descubrirás un montón de cousas sobre unha nena de 9 anos que se chama Xela e quería escribir un libro, pero non só escribiu un, senón que se converteu nunha poeta famosa, Xela Arias, tanto que foi a quinta escritora á que lle dedicaron o

Día das Letras Galegas, mentres que foron 56 os homes homenaxeados. Un pouco mal repartido, non? Diso tamén nos fala Xela nestes contos, da desigualdade entre homes e mulleres, nenos e nenas... Seguro que che faláron deste tema na escola.

Xela Arias escribiu estes contos para a súa familia, como unha forma de transmisión interxeracional, para que as historias dos avós e avoas chegasen ás futuras xeracións e ao seu propio fillo, daquela só imaxinado. Pero, ironías do destino, o seu fillo Darío tiña xusto 9 anos cando ela morreu, de repente, os mesmos que escolle a autora para representarse a si mesma como protagonista e narradora destas historias de infancia.

E o destino quixo tamén que o meu fillo pequeno teña agora nove anos, tamén acabados de cumprir, non na primavera como Xela, senón no inverno. O meu fillo chámase Xián e el tamén quere escribir un libro, pero parece que lle atrae máis o cómic. Xa o intentou con 8 anos, pero quedou a medias. Era moi complicado. A ver agora con 9..., máis que nada por «facer algo de proveito», como di Xela, se é que os libros serven para algo... Ti que cres? Polo menos con este que tes nas mans, vas botar unhas risas e, entre outras cousas, vas aprender a coller grilos, se te atreves e non che dan pena, como á protagonista, e como botarlle unha man ao teu monstro particular, viva no armario ou no váter. En fin, neste libro vas atopar algo «verdadeiro de veras», porque ademais é autobiográfico, polo que che vai permitir coñecer como foi a infancia da súa autora e que era o verdadeiramente importante para ela.

Ao meu fillo gustáronlle moito os contos, a pesar de que lle gustan máis os videoxogos, porque o que de verdade quere é ser *youtuber*. Pero as historias de Xela, en papel, tamén o cativaron, porque lle gusta ler aventuras sobre nenos e nenas coma el, meterse noutras vidas semellantes á súa e á vez distintas, saber doutros avós, outros irmáns, se viven nunha cidade, nun piso, ou nunha casa, no campo, se saben andar en bicicleta, se teñen algún xoguete preferido, se os seus pais lles deixan ter un can nun piso, se lle dan paga ou non...

E o meu fillo con nove anos, tamén di: «creo que xa vivín a miña vida como neno». Coincide nisto con Xela, cando ela protesta: «Dez anos de nenez abundan ben.»

Pero non te entreteño máis. Déixote con Xela e as súas historias. Espero que che gusten tanto como ao meu fillo e a min, que teño xa 47 anos e tiven a sorte de coñecer a Xela adulta e compartir con ela os seus anos como estudante universitaria e despois como profesora de lingua. Como verás, os alumnos e alumnas, moi importantes tamén para ela, case tanto como a familia, tamén están moi presentes neste libro. E antes de rematar, vouche contar un último segredo: os maiores tamén desfrutamos coas historias para nenos e nenas. Para min, estas ademais son moi especiais, porque vexo nelas reflectida a Xela que eu coñecín, como nun xogo de espellos. En cada conto descúbrola a ela e algo novo dela... E, por último, este libro tamén che vai servir para fachendear de que sabes moito sobre a escritora homenaxeada este ano 2021 no Día das Letras Galegas, como a protagonista, que os

libros tamén lle servían para pelexar co seu irmán Xoán por ver quen sabía máis.

O primeiro conto, titulado «Agora na primavera fixen nove anos», está dedicado á familia e aos libros; os libros e a familia, dous aspectos fundamentais na vida de Xela e moi unidos, porque pertencía a unha familia que lle transmitiu desde pequena o amor polos libros e porque se criou entre libros. Como ela dicía: «aquí na miña casa os estantes rozan os teitos do cuarto, e non teñen máis ca libros».

Non me custa nada imaxinar esta nena que con nove anos xa sente que ten experiencias abondas para seren contadas. Xela sempre andaba buscando algo que facer, un reto que superar, incluso cando lle diagnosticaron a enfermidade da hepatite, durante o seu tratamento, decidiu que aproveitaría para aprender a cociñar... E xa con nove anos, atopamos esta inquietude: «son moitos para non procurar nada de proveito na vida, así que vou escribir un libro». Tamén nos transmite neste primeiro conto outros dos seus intereses vitais: o gusto polas linguas e a tradución, traducindo a media-lingua do seu irmán pequeno, Marcos, e o seu interese polo portugués e o fácil que lle resultaba esta lingua, como galegofalante que era. Ademais do seu afán por aprender continuamente, aprender como alumna, como amiga, como poeta, como profesora..., sempre absorbendo a realidade, como fan os nenos e nenas..., aprender da vida, pero tamén dos libros, como os que cita neste primeiro conto: *Vinte mil leguas de viaxe submarina*, *A galiña azul*, *João Salvador Gaivota*. E, por suposto, ela tamén tiña moito que nos ensinar e, aínda que morreu moi nova, con tan só 41 anos, séguelo

facendo a través das súas obras. Tiña razón: non só o seu irmán Xoán si tiña moito que aprender dela, tamén nós.

Sempre estivo rodeada de escritores e escritoras na súa casa, desde a infancia, pois o seu pai era tamén escritor e tradutor, como sería ela. E quizais por iso sabía desmitificalos, como nos mostra no segundo conto, porque ao fin «mirados de fronte, nada teñen de distinto». Anticipándose, tamén nisto, á linguaxe inclusiva, Xela aclara: «Hainos gordos e gordas. Fracos e fracas», como calquera de nós. E nesta historia xorden xa dúas das súas teimas: o respecto polas persoas que «aguantan máis sen falar», segundo ela, os poetas, fronte aos novelistas. E mais o gusto por aprender «cousas». É o primeiro conto no que nos confesa «papei medo», desta vez por uns morcegos, asustados eles polas persoas. E tamén neste relato descubrimos cal era o seu xoguete favorito, ao que chamaba Lula, pero non era unha boneca, pois xa a Xela de nove anos afirma con rotundidade: «hai tempo que paso de bonecas», sentenza que acada nela berro de reivindicación igualitaria e que volve aparecer no libro que lle dedica tempo despois ao seu fillo Darío: «lembran meus pais que non xoguei moito ás bonecas».

Neste conto a Xela nena fala xa da súa morte, como a fin do libro que é a vida. Pero o importante deste libro non é o principio e o remate, nin sequera «o que queda no medio», senón só as «experiencias verdadeiramente importantes», que poden ser un pensamento, unha lembranza ou mesmo unha mentira, e que a certas persoas «lle parecerán pequenas trapalladas, pero para min son importantes». E iso é o que importa.

Tras estes dous primeiros contos, a xeito de limiar, encontramos os relatos nos que a familia se converte xa en clara protagonista, nesta primeira parte na aldea, en Sarria (Lugo). No terceiro, asistimos á expresión da súa dor polo sufrimento dos seres queridos, a raíz do accidente do seu avó Pedro coa bicicleta. Tamén aparece a protección ante o sufrimento, que aínda así non o evita: por moito que lle intentasen ocultar á Xela de tres anos a escena do seu avó ensanguentado, xa lle quedara «metida nos ollos» e non a ía esquecer; así como sente a necesidade de facer xustiza, característica que tamén a definía, neste caso castigando á bicicleta.

A continuación, temos o relato do nacemento do seu segundo irmán, Marcos, mesturado coa preocupación da súa avoa Ilduara polo perigo dos coches... E xa o tema da educación e a aprendizaxe. Vemos a protagonista-narradora intentando ensinalle á súa avoa sobre os coches («ensínolle eu»), porque así «xa non lle poñerían medo», nunha anécdota que encerra toda unha filosofía sobre a educación e o seu poder, así como dos diversos e enriquecedores tipos de coñecemento, diferentes pero igual de valiosos. Así llo fai ver o seu pai: a avoa non diferenciaba os coches, pero si as vacas, mentres que para a nena resultaba «imposible» distinguir as vacas, pero si recoñecía un Polo Coupé ou un Catrolatas, nunha chiscadela ao seu propio coche, o que aínda tiña cando eu a coñecín e que se convertería en lugar de complicidades e confidencias mentres subiamos e baixabamos do CUVI, a universidade no monte. Sempre penso en Xela asociada a un coche, primeiro o seu Catrolatas azul e despois o Ford

Orion vermello, e o coche representa ademais o necesario instrumento para a independencia e liberdade da muller, que era algo tan importante para ela. De aí o seu afán por que a súa avoa aprendese a conducir.

Na seguinte historia, volvemos topar coas vacas e co desexo de inventar e contar, fantasiando con «mentiras», para entreter a súa tía Irene (irmá da súa avoa Ilduara). E, polo medio, xa se van filtrando outros intereses máis mundanos, como os peiteados e as súas breves reflexións sobre a imaxe, que ela coidaba, cun estilo persoal, presumida e sabedora da sedución que espertaba.

No sexto conto, tócalle a quenda ao seu avó Manuel, do que destaca que lle sucederon «moitísimas historias», porque «leva setenta anos existindo», que «dan para moito», e que, para descansar, botaba a contalas, «mentiras fabulosas» que aproveita Xela para introducir no seu libro non só o mundo rural de Sarria, no que ten as súas raíces, senón un conto ao máis puro estilo de Fole, unha historia de lobos, bandidos, mouras e Santa Compañía, con todos os ingredientes dos populares contos de medo, narrados nun tallo, a carón da lareira, con aprendizaxe final incluída... A min gustaríame rirme da Santa Compañía, como cando a atopou o seu avó no monte, porque «a el aínda non lle tocaba morrer». A Xela tampouco lle tocaba, pero a Santa Compañía levouna, a destempo, con tan só 41 anos, brevidade así e todo tamén chea de historias.

Tamén foi o seu avó Manuel quen lle ensinou a coller grilos, aínda que ela o que quería, nese desexo de descubrir as cousas por si mesma, era comprobar se os tobos dos grilos eran como lle dixeran o seu avó e non «unha his-

toria das súas». E sempre de fondo os alumnos e alumnas, xa que conviviu coa profesión docente desde nena a través do seu pai, pois naceu cando el era mestre na granxa-escola de Barreiros, en Sarria.

E faltaba falar da avoa Amparo, a protagonista do seu oitavo conto, cunha familia enorme que vivía «enteira toda xunta». De novo unha relación baseada nas palabras e nas historias, desta vez de remedios, meigas e supersticións, continuando na liña da literatura oral popular e do esotérico, tema que a Xela sempre lle atraería, igual que sentía atracción pola amiga «aventureira» da súa avoa, que lle ensinou a esta por primeira vez unha fotografía e un sombreiro, dous elementos que eran importantes na vida da Xela adulta, pois casou cun fotógrafo, Xulio, que a converteu en protagonista de moitas fotografías, porque estas son tamén unha expresión de amor. E os sombreiros porque lle gustaban moito, igual que os peiteados, como podemos ver nalgúnhas das numerosas fotos que por sorte conservamos dela.

E así chegamos ao ecuador do libro, que coincide coa mudanza á cidade, a Vigo, onde efectivamente Xela viviría o resto da súa vida. O capítulo nove supón a transición entre a vida no rural e na cidade. E asistimos así mesmo a unha transición entre a narradora-protagonista que nos conta os seus recordos da primeira infancia, na aldea, unha rapaciña á que lle dan medo os morcegos e os grilos, e á que lle encanta escoitar as historias dos avós, e o paso a unha rapaza que quere ser maior e que olla a vida desde un punto de vista crítico, que non ten medo de ir ás liortas cos rapaces do barrio, no soar abandonado ao lado da

súa casa. Unha vida urbana, onde aínda se xogaba na rúa, moi distinta da actual. Unha rapaza que segue a lembrar-se dos avós, que quedaron alá na aldea, e á que non lle gusta nada facer as tarefas da casa: «¡Que cousa horrible é limpar o po!», pero que comprende que é un abuso deixar que o faga todo a súa nai.

Do noveno conto quero subliñar a imaxe da mudanza, con Xela metendo coidadosamente os libros nas caixas, «caladiña», igual que conta a súa nai que fixo cando se independizou, con tan só 18 anos, deixando os estudos e comezando a traballar na editorial Xerais, nos inicios da súa creación. Para ela, o máis importante das mudanzas sempre eran os libros. E tamén destaca neste relato a súa eterna curiosidade, como a que lle provocaban os homes da mudanza, aos que ten gana de facerlles moitas preguntas, aínda que sabe seleccionar e só formular as máis importantes.

Así como na primeira parte do libro Xela nos fala do seu irmán Xoán, co que pelexaba seguido, quizais por ser os dous maiores, do que di que quere ser médico e érao; así como do seu irmán Marcos, que daquela era o máis pequeno; nesta segunda parte, xa en Vigo, fala dos seus irmáns menores, Sabela e Lois. A súa irmá Sabela, á que lle encantaban os animais, aparece no décimo conto intentando convencer os pais, a través da súa irmá maior, de que lle deixen ter un can no piso. E a propósito do can, Xela aproveita para volver falarnos do seu concepto de liberdade e da súa crítica ás nais e pais que non escoitamos ás veces suficientemente os nosos fillos e fillas: «Non buscamos un can atado nunha corda. Que veña tras de Sabela porque ela tira máis forte». Esta sentenza trasládase

me outra vez a *Darío, a diario*, porque ser nai non ten «nada que ver coa posesión», senón coa liberdade.

E tamén podemos ver no seguinte conto o seu irmán máis pequeno, o quinto e último, Lois, retratado como o veciño artista, que axuda á banda dos rapaces do barrio a buscar un debuxo e un nome que os represente como grupo, en lugar de pasar todo o día ás pelexas cos do barrio do lado. Nesta historia aflora, ademais do cariño ao seu irmán máis pequeno, reflectido neste pintor que participa dos xogos infantís, o gran sentido da colectividade que amosaba sempre Xela, recollido na frase: «tódolos da banda eramos iguais». É por iso que no nome non podía destacar un por riba doutro.

Nos cinco últimos capítulos vemos medrar a Xela, que nos fala xa das súas aspiracións de cara ao futuro. Si, a Xela gustáballe falar do futuro e neste conto preséntanos nenas que queren ser bombeiras, taxistas e conducir tractores, profesións sen dúbida non escollidas ao chou e que actualmente, despois de 30 anos, necesitamos seguir reivindicando para as mulleres... E Xela imaxínase a si mesma como mestra na Universidade, xusto nunha época da súa vida na que ía retomar os estudos e afrontar o reto, outro máis, de estudar unha carreira, que acabaría curso por ano e que lle permitiu cambiar o seu emprego na editorial polo de profesora, non na universidade, senón de adolescentes, aos que lles aprendía e aprendía tamén deles, nesa empatía que sabía tan ben practicar. En efecto, aínda que o seu pai lle advertía de que moitas veces cambiamos de idea ao medrar, Xela quería ser mestra de maior e foino. Pero tamén lle gusta imaxinarse como adi-

viña, no seu interese polo esoterismo, ou como gandeira, rodeada de vacas, en lembranza dos seus avós da aldea, e, por fin, como directora de orquestra, para dirixir a súa propia vida, escollendo en todo momento, sen deixarse levar por ordes preestablecidas.

No conto número trece Xela continúa a falarnos dun dos seus temas preferidos, a educación, e de como esta pode converterse nunha imposición, contra a que te podes rebelar ou tamén aprender a navegar, virando «o barco das zonas de rochas» e fuxindo das «tempestades», ela que pasou algunhas na súa primeira xuventude, rozando «un xeito de delincuencia xuvenil». Pero, igual que axudou ao monstro do váter, o seu monstro particular, tamén se soubo axudar a si mesma e deixarse axudar polos demais, sen perder a independencia... E tamén na súa vida a literatura foi táboa de salvación, como no conto o é a historia que inventou para resolver o problema, as lombrigas do seu irmán.

Xa achegándonos ao final, o que máis centra a atención de Xela na festa da alameda é un mago, o Mago Merlín, que lle permite unha vez máis deixar voar a imaxinación e pensar en todos os desexos, todo o que lle gustaría facer, tantas cousas que necesitaría moitas vidas... Pero ao fin, se non houbese que loitar para conseguilas sería «ben aburrido». Xela nesta altura xa sabía dos esforzos por acadar os obxectivos e isto si que non lle poñía medo, a vida, aínda que si pasase medo na nora e rise moito nos coches de choque con seu pai, nun momento que reflicte a gran complicidade que tiña con el.

Nos dous últimos relatos, vemos unha Xela a punto xa de cumprir os dez anos, que reflexiona sobre o que é «converterse en muller» e, aínda que di non ter «présa ningunha», rebélase contra ter que esperar aos dezaioito anos para ser maior de idade e rebélase contra as leis establecidas, que uniforman demasiado... Polo que decide «reclamar a maioría de idade feminina aos trece anos», a feminina, porque xa se sabe que eles son «máis infantís». Ela que tiña tanta gana de independizarse («quero ter unha casa para min soa») e, de feito, case non puido esperar aos dezaioito para facelo, aínda que mantendo sempre unha forte ligazón familiar, cos seus irmáns e co seu pai e súa nai. Tamén vemos á Xela que lle gusta a roupa e quere mercar a que lle peta e cando lle peta. E déixanos asistir a unha discusión familiar, arredor da mesa, como habería tantas, preludio das saídas á disco con volta por madrugada, que a nena protagonista deste libro imaxina pero a muller adulta xa vivira e sabe que os seus pais «quedarán os dous calados e asustados, agardando a ver que pasa», e os seus «irmáns quedarán a rabiar». E tamén se pregunta polos seus pais, agora si, tras o paso do tempo, consciente e sabendo poñerse tamén na pel deles, pois a autora xa quere ser tamén nai «e saber que podes parir dá moita responsabilidade»: «E para meus pais..., ¿estarán felices ou quedarán máis tristes?», nesa contradición entre a protección e a necesaria liberdade para os fillos, sobre a que repensaría tanto máis tarde, a través da súa propia maternidade.

E esta Xela nena-muller decide «cambiar os erros» e «pensar» e «organizar» a «revolución», porque Xela rebelá-

base sempre ante as inxustizas, na utopía de «conseguir que a lei sexa xusta». Non podía permanecer impasible: «É que non quero que nos tomen o pelo. ¡Non te amola!»

E, ao final, para que serven os libros? Para pintar neles e «cambiar o mundo», que non é pouco. Esta foi a mensaxe que Xela nos quixo deixar como final marabilloso deste fantástico e hiperrealista libro de contos para nenos e nenas, mulleres e homes.

EPÍLOGO

Grazas tamén ao Consello da Cultura Galega e a Dolores Vilavedra, por chamarme aquel día para encargarme esta tarefa, que se me facía tan difícil de aceptar e afrontar e que, ao final, me fixo tan feliz.

UN ALFABETO PARA XELA

A - Amiga.

B - Breve e concisa, directa e clara. Boa persoa.

C - Coche Catrolatas. Cadeiras anchas, femininas...

D - Darío.

E - Empatía.

F - Familia e Futuro. Era unha persoa moi familiar e gustáballe mirar sempre para adiante.

G - Galego, a lingua dos seus afectos, da súa creación e da súa profesión, incluso sendo profesora de Lingua española.

H - Hepatite, o virus co que acabou xusto antes da súa morte, nunha broma macabra do destino.

I - Innovadora e Insegura.

L - Lois... e Sabela e Marcos e Xoán.

M - Maternidade.

N - Non te amola! Nunca máis! Non á guerra!

O - Observadora.

P - Profesora e Poeta.

Q - Querer.

R - Reflexiva e Reto.

S - Sarria.

T - Tanit, o símbolo que tiña tatuado no seu pulso.

U - Urbana, con raíces no rural.

V - Vigo.

X - Xela e Xulio.

Z - Zume.

¡NON TE AMOLA!



XELA ARIAS

ÍNDICE

1. Agora na primavera fixen nove anos
2. Andei investigando que facer
3. Meu avó Pedro baixaba na bicicleta
4. Vou contar de min
5. Mandáronme coa tía Irene
6. O avó Manuel pelexou cos lobos
7. Esta navalla de mango negro...
8. A neve é friísima
9. Os avós van ser coma o cine
10. Non sei por que se empeñan en saber
11. Os meus pais cumpriron a súa palabra
12. Carlota quere facerse tendeira
13. Hai un monstro no váter
14. Estivemos na festa da alameda
15. Vou ser vella
16. Pensei que escribir un libro podía ser unha cousa
ben inútil

1. Agora na primavera fixen nove anos

Agora na primavera fixen nove anos. Son moitos para non procurar nada de proveito na vida, así que vou escribir un libro

Tamén, a verdade é que non sei moito se serven para algo. Se facer un libro é facer algo de proveito. Pero algo han valer, que aquí na miña casa os estantes rozan os teitos da habitación, e non teñen máis ca libros.

Mercáronos meus pais, e neles lemos toda a familia.

En fin, lemos algúns. Meu irmán pequeno, Marcos, máis ben pintaos, que aínda non sabe ler nin escribir, e logo anda mamá berrando pola casa que onde se debuxa é nas libretas. Mais el colleulle afección a pintar de cores as páxinas impresas dos libros máis grosos do cuarto. Pois, digo eu, ¡para iso tamén serven os libros! Para facerlles maragatos de cores.

Despois vén onda ti e diche con todo o morro —no seu idioma particular, é claro—:

—Kibin u ibo —traducido: escribín un libro.

E trae nas mans un deses que fan os que se adican a estudia-los nenos, pedagogos chámanse. Escriben libros para nenos e nenas pequenos, aínda que me parece que máis ben fanos para xogar eles, porque retorcen os contos —cóntanche a Carapuchiña do revés, por exemplo— ou fante traballar a ti e listo. Estás a pique de chegar ó remate e póñenche: ben, agora elixe entre estes tres finais ou inventa ti un. ¡Eu para iso escribo o libro enteiro!

Dáme mágoa que tamén ás veces quérennos pequenos para sempre. E parece que cando escriben teimasen en tratar só de cousas moi vistas. E non das atopado nada verdadeiro de veras. ¡Tamén así calquera inventa, non che digo!

Marcos pasa as páxinas e amósache todo satisfeito un maragato de cera verde, e mais adiante outro encarnado, e azul, e marrón, e volta verde. Así.

Os dous maiores, Xoán e mais eu, lemos bastantes.

A nós os libros ás veces sérvennos para pelexar.

Porque non quero que saiba máis ca min, e el non quere que eu saiba máis ca el. E se me di:

—Entón colle o cabalo voador, que ten ás saíndolle do ventre...

quero poder cortalo e dicirle:

—Boh, xa sei que falas de Pegaso.

Tamén se eu o pico:

—É que o capitán Nemo veu aquí, andou por Rande a busca-lo tesouro dos galeóns.

Vai el:

—Si, pilotaba o *Nautilus* e fixo con el vinte mil leguas de viaxe submarina.

Pero aínda o intenta:

—Hai galiñas azuis.

A ver se lle pregunto como unha pasmona «¿Si? ¿Onde?». Mais ríome del:

—Non vai haber. Xa llo explica á Ana o Leoncio na carta.

Meus pais foron a Portugal e trouxéronlle a Marcos un libro coas páxinas de trapo. Para podelo lavar, di mamá, logo de que el o «lea».

Para nós veu *João Salvador Gaivota*. Tamén o hai en castelán, e de aquí a pouco quizais en galego. Entendémolo ben. Por veces, preguntamos algunha palabra, pero pensei que un idioma estranxeiro sería máis difícil. Ler en portugués é chupado. Pode calquera.

Agora estou moi amolada.

Xoán colleu do estante un titulado *La casa verde*, gordísimo, polo visto dun sudamericano. E meu pai díxolle:

—A onde vas con iso, ho. Éche moi complicado para a túa idade. Ven que che busco algo máis axeitado.

Xa sabía eu que con dicirlle iso estaba armado.

Creo que aínda ben meu pai non acabara a última palabra, e Xoán estaba metido no tocho.

Claro, amoloume. ¡Agora teño que lelo!

O caso é que non me gusta. Non sei por que, pero o caso é que ese tipo non me cheira ben. ¡Con eses dentes de tiburón!

Non me vai da-la gana de lelo.

E o Xoán vaimos pillar coas aventuriñas todas e eu non vou aprender nada do que diga ese escritor. Paréceme que non perdo nada. Si, pero, ¿quen atura despois ó meu irmán?

Por iso, entre outras cousas, vou escribir un libro.

Porque non me interesa nada ese que el colleu, porque me amolou e porque seguro que tamén eu teño algo que contar.

A ver se non vai ter nada que aprender o Xoán de min.

2. Andei investigando que facer

Andei investigando para ver que facer.

Miña nai ten amigos poetas e novelistas. Andei fixándome neles para atopa-lo que tiñan de especial. Cada vez que eles nos visitan, meus pais trátanos ben e están sempre atentos ás cousas novas que escriben ou publican.

Así, mirados de fronte, nada teñen de distinto. De coincidir con eles no medio doutra xente, nunha tenda ou no teatro, non poderías dicir:

—Aquel, evidentemente. Velaí vai un escritor.

Hainos gordos e gordas. Fracos e fracas. Máis amables e menos amables.

Unha escritora portuguesa, Agustina, moi enorme e cun home moi calado, regalounos un cesto de peras verdes. As peras verdes pasaban, pero o cesto baleiro encantoume.

Se acaso os poetas parecen algo coitadiños. Ou aguantan máis sen falar, calados.

Porque os novelistas esbardallan un montón.

Hai un gordo que vén fumando ás veces uns puros que despois deixan ese cheiro terrible no salón cando marcha. A ese habería que frealo. Sabe de todo. Os costumes dos bechos, os edificios máis antigos da cidade, os bosques máis fermosos do mundo. E aínda por riba discute con meus pais para arranxa-lo país. Se o deixasen...

Organizou unha excursión para nenos e fomos con el no autobús. Vímo-las ruínas de Caaveiro. Saltámo-lo río e

no cortello dos cabalos dos homes medievais apareceron unha chea de morcegos, berrando todos nerviosos ó senti-la chegada de persoas. Si. Papei medo.

O novelista andaba máis atento a ligar coa moza que nos acompañou. E mais aprendemos cousas. Foi divertido.

Algúns escritores non fan novelas, nin poesía. Escriben do que saben.

¿Va que parece máis serio?

Pois coñezo un deses perigosísimo.

Sabe de bioloxía. Escribe de coellos, e cabras, e cabaliños do demo. Cando vén á casa, trae unha carteira vella. Alí dentro, di el, está escrito todo o seu coñecemento. A vulto debe ser bastante: está superinchada.

Pero é perigosísimo. Ten a manía de levar sempre algo de calquera sitio onde entra. Un lapis, un cinseiro, unha goma do pelo. Vállelle todo.

A min ponme alerta. É que teño moitas cousas que a el lle parecerán pequenas trapalladas, pero para min son importantes.

Se nun despiste me leva a Lula, ¿que?

Eu ben lle reñería, e reclamaríalla. Pero xa sei que miña nai me había convencer.

—Se é unha teima que ten, nena. Non é para tanto. Mercareiche eu unha tartaruga grande.

¡Que sabe ela! Hai tempo que paso de bonecas. Pero téñolle agarimo á tartaruga de goma que me queda daquela. ¿Acaso non podo ter eu teimas tamén? ¿E logo?

Miña nai di que para facer unha novela hai que ter unha historia que contar. Pensar ben o conto, un principio e un final.

Iso farán os escritores maniáticos que ela coñece.

O meu libro non ha ter nin comezo nin remate.

Vou escribi-las miñas experiencias, que xa se me acumulan. O que a un lle acontece non empeza e logo acaba. Namais acontece.

O que fago eu nun día calquera da miña vida, ¿ten principio e remate? Se principio é abri-los ollos ás mañás e remate pechalos á noite, si. Pero as experiencias que un vive non é o que queda no medio de espertar e durmir.

Ás veces, o máis importante que me acontece nun día só dura un pensamento. Ou unha hora. E tamén pode ser que sexa importantísimo precisamente por me lembrar outra cousa que sucedeu hai moito tempo. E é o recordo o que desa vez importa máis.

Mesmo unha mentira que se me ocorra pode se-lo mellor do día.

Así que a min non me importa nada iso do comezo e o remate.

Só escribirei de experiencias verdadeiramente importantes.

Se me acontecen nese momento, porque acontecen.

Se son lembranzas, porque as lembro.

¿Que saberá mamá? O fin do meu libro será cando morra e, mágoa, daquela non poderei contalo.



3. Meu avó Pedro baixaba na bicicleta

Meu avó Pedro baixaba na bicicleta pola estrada en pendente para facerme unha visita na casa de meus pais. Eu tiña tres anos e andaba pegada a unha tartaruga de goma que alguén me trouxera.

O avó baixaba na bicicleta pola costa da estrada que atravesa a parroquia de Ortoá, e víñame ver. É exportador de xamóns. Non sei que quere dicir, nin nunca vin como é que se fai iso de exportar. Pero el está moitas veces baixo dunha ristra de xamóns pendurados, mételle-la variña a fondo e move a cabeza: aínda non van ben curados.

Dentro da casa, meu pai dálles clases ós nenos do lugar.

E fóra fixeron unha horta para prácticas agrícolas dos rapaces, e mais tamén un xardín.

Eu agardaba no xardín polo meu avó, xunto do pozo.

Aparecía coma un lóstrego pola estrada abaixo, na bicicleta. E na última curva, cando xa nos viamos un ó outro, erguía unha man do manillar e facíame acenos. Creo que eu botaba a correr tirando da tartaruga e saudándoo, tropezando nos coios, supoño.

Aquel día meu avó derrapou na curva e abriu a cabeza.

Quedou alí caído na estrada, un ferido chorreando sangue pola sen.

Eu ollábao desde o altiño do valado do xardín e vía a bicicleta escangallada contra o muro e ó avó espantado no chan.

Xa non sei máis, porque saíron os alumnos e alumnas de meu pai e colléronme no colo e leváronme de alí. E saíron meus pais e levaron o avó ó hospital.

Aquel día os alumnos de meu pai fixéronme festas pero eu, que era sempre revoltosa, estaba ben quietiña e coa boca moi seria.

Todo porque me doían os ollos, doíanme infinito porque tiña alí metido ó meu avó levantando o brazo cara a min ó pasa-la curva.

E tiña a súa bicicleta escangallada contra o muro tamén aí dentro, metida nos ollos.

Despois logo sanou. Eu funo ver e el sorría por baixo das vendas, alí na cama do hospital.

Díxome:

—Que bicicleta máis imbécil, ¿va que si?

E eu:

—Non te preocupes, témola castigada na cuneta.

4. Vou contar de min

Vou contar de min. Hai algo importante: cando fun a maior de tres. É que me naceu un irmán máis. Primeiro só eramos outro e mais eu. Este era un bebé feo e calado. Precioso.

Viñeron miñas tías e meus tíos para velo, e toda a familia. A casa parece pequena. Fixéronnos fotos co bebé, aínda que el non se había ver. Querían chamarlle Marcos. Pareceume ben.

Case non recoñecín a unha tía miña porque veu co pelo liso, longo e loiro e ela teno curto e negro. ¡Non lle puido medrar nuns días! Miña nai díxome que era un postizo. A tía séntese moi guapa, pero a min dáme un pouco de corte mirarlle a cara.

Meu pai ten un Land-Rover e cando Marcos medre un pouco meterémo-las cousas dentro e iremos vivir á cidade. Xa estiven alí e, como as casas son de pisos, miña nai di que o noso terá unha boa terraza.

E que nos ha levar ó parque do togobán. Faremos moitos amigos porque está cheo de nenos.

A ver.

Terei que coidar do bebé un pouco. E ter conta dos coches.

Aquí non hai coidado, case só pasa o de liña para Lugo. E temos xardín e prados.

A avoa Ilduara quéixase e di que é un perigo para os nenos. Meu pai dille:

—Déixese de prosmadas, que non pasa nada.

—Pero, home, se non poden saí-los nenos fóra. E os automóviles tan rápidos.

Pregunteille por que estaba tan preocupada. Meu pai díxome que ela non coñece ben a cidade, e asústaa.

—Tampouco eu a coñezo ben, e mais non me asusta.

—Ti vas alí por veces, pero a avoa vive sempre en Maside, e coñece ben o seu mundo, que non ten automóviles.

—¿E por que non aprende a conducir?

Creo que así sabería máis dos coches e xa non lle poñerían medo.

—¿E ti por que non aprendes a distingui-las vacas? —di meu pai.

—Xa sei, só que con algunhas é imposible.

—Pois ela ben que as coñece, mesmo polos muxidos. E mais custaríalle traballo diferenciar un coche doutro.

—Ensínolle eu.

Funlle contar á avoa Ilduara que o Catrolatas consegue menos velocidade có Polo Coupé.

O que conta é o condutor, a xente conduce con tento na cidade e con ser un pouco coidadoso non hai medo.

Ela ría e seguía mirando no bebé.

—¡É importante! —berrei.

Olloume espantada.

—Os coches son moi perigosos, miña nena, moi perigosos. Píllante no medio da estrada e mira cantos mortos e cantos accidentes e cantas desgracias tódolos días.

Calei. Non lle hai que facer. Sempre di o mesmo.

Por iso a avoa aparta na estrada cada vez que vén un automóbil. Queda de pé, mirando, e agarda a que pase para diante.

Tamén eu fago así coas vacas, e mais polo visto hainas que se conducen ben.

5. Mandáronme coa tía Irene

Mandáronme coa tía Irene, que ía garda-las vacas. Pacían revolvendo a lingua toda para apañar un bocado máis grande e nós sentabámonos baixo dun carballo porque a tía Irene di que o sol de primavera é bo para coller catarros.

A Marela e a Cereixa son iguais. As outras son de cor distinta, ou máis grandes, ou aínda medio becerras.

—Irene, ¿ti como fas?

—Ai, nena, son moi diferentes. Olla, aquela é a Cereixa, e tes que andar con coidado con ela. Esta de máis acó é a Marela.

En canto lles perdo a pista e van pacer noutro sitio, xa non as recoñezo.

Fixen un ramallete de floriñas pequenas e pónome a contarlle mentiras á tía Irene. Dígolle que na miña casa teño un can que fai o que lle mando, e polo día vén comigo a todo e pola noite ábrolle a porta e anda ata o amenecer salvando xente que se atopa nalgún perigo polos camiños. Que o traio moi disposto e o coido coma se fose un neno pero é un heroe.

A tía Irene debe estar cansa de traballar e creo que aproveita cando as vacas pacen para descansar, así que está encostada no carballo e mentres eu vou nas escenas que lle conto, ela vixía o gando e dime que si, ou que sorte.

¡Sabe que lle minto!

¿Ou envéxame o cadeliño?

—Irene, ¿e por que non lle cortas un pouco un corno á Marela? Os cornos son coma uñas, non doe cortalos, así recoñeceríámola sempre.

Bota unha risadiña, amaña o pano na cabeza e acaríñame.

—Mira a Marela, meu ben. Os tetos máis grandes, os ollos máis separados cá Cereixa. Se te fixas niso, xa non as confundirás nunca máis.

—¿Tes que lle mira-los tetos antes de saber cal é?

—Non, nena, non —e volta coa risadiña.

A Marela é furiosa e a Cereixa din que nobre e pausada. Pero eu non as recoñezo e cando vexo unha vaca de cor marela diante de min aparte, por se acaso.

Non me toma en serio. Sabe que lle mentín e agora toma por mentira que non manque á Marela cortarlle un corno. Pero eu sabería de quen escapar e ¡já vaca non lle doe! ¿Ou dóeme a min cando mamá me leva a corta-lo pelo?

E non lle fai falta ningunha ese medio corno. Con que lle deixe un pedazo para ata-las cordas...

Igual lle parece fea unha vaca con medio corno. Igual os cornos das vacas ó final son coma os peiteados das mulleres.

6. O avó Manuel pelexou cos lobos

O avó Manuel pelexou cos lobos moitas veces, coñece ben as montañas dos arredores da súa casa, sabe os atallos todos e sucedéronlle moitísimas historias simpáticas. Case todas por causa dalgunha feira.

Hai que ter en conta que leva setenta anos existindo. Dan para moito.

Ademais, desde pequeno andou, a pé ou a cabalo, tódalas feiras e romarías en moitos quilómetros á redonda de onde el vive. Sempre mo di.

Cando non ten nada que facer, ou quere descansar un pedazo, senta nun tallo calquera e bota a contar historias. El sempre estaba alí, no instante xusto.

Dunha vez atacouno unha manada de lobos e tivo que agarrar un por unha pata de atrás para que non lle papase o cabalo.

Outra noite atopou a Santa Compañía no medio do monte e soltou unha gargallada forte, riu moito deles porque o confundiran con outro que non era el. É que a el non lle tocaba morrer.

Tamén un xitano intentou timalo na compra dun animal, pero o avó estaba espilido e deulle unha contestación que o deixou seco.

Cos lobos pasáronlle moitas.

Porque antes, cando nós aínda non nacéramos, había máis lobos ca agora. E ademais, como imos en coche e por estradas, o raro sería que nos saísen ó paso. Non levamos

cabalos que eles queiran comer, e tampouco son tontos, os lobos.

Como o avó atravesaba montañas no seu cabalo, e por veces botaba un día e mais unha noite enteira de camiño, por forza tropezaba cos perigos. Viuse con neve ata as coxas, ou con néboa mesta, sen diferencia-lo que tiña diante, moitas veces.

Sáíronlle bandidos das covas onde se agochaban, e pelexou con osos enormes.

Unha noite, que ía moi canso e adurmiñado na montura, mesmo lle apareceu unha mouroa toda chea de brillos e colares. Ofreceulle o seu tesouro secreto se deixaba a vida que levaba ata o momento e quedaba con ela, traballándolle unhas terras moi boas que tiña. E a pouco máis o avó queda. Pero lembrouse de nós e díxolle que non. Perdeu o tesouro.

Correu algunha farra tamén. Pero aí non o conta todo. Debe ser pola avoa Ilduara, igual lle bota a bronca.

Como cando lle roubaron entre tres o carneiro a un home que presumía de ter un carneiro falador.

Coincidiran en varias feiras, e o tipo sempre coa historia das parrafadas do carneiro. Tíñaos enfadados, así que fóronlle á casa e roubáronlle o carneiro. E dicíalle:

—Fala, carneiro, fala, que carneiro falador non é bo enchedor, e se non enches ben, non te habemos comer.

E o carneiro todo asustado no medio de catro homes a rir e mofárense del. Non falou.

Así que, asárono.

E ben mantidos marcharon de troula.

De alí a varias feiras volveron ver ó home, que os foi saudar.

—Seica non tes con quen conversar —dixéronlle.

—¿E logo?

—Home, agora sen carneiro...

Aí faláron eles de máis. O home a ninguén lle contara da desaparición do carneiro, e así soubo quen fora.

Como di o avó Manuel, quen as fai ha de pagalas.

Tivéronlle que contar unha mentira longuísima para se desenredar da culpa.

—Pero aprendemos —di o avó.

Non sei se aprendeu que non se debe facer mal, ou se aprendeu así a contar mentiras fabulosas.



7. Esta navalla de mango negro...

Esta navalla de mango negro cunha bailarina prateada no medio é miña.

Aberta é tan grande coma o dedo maior de meu pai, que ten as mans moi grandes.

Óense os alumnos na clase polas ventás abertas. Están rematando o curso. Eu deille a volta ó pozo e atravesei a horta. Aí contra o valado do fondo témo-las rosas.

É tempo de grilos, non paran, e andei buscando de atopar un burato. Parécenme todos demasiado grandes e non me atrevín con eles. Segundo o avó Manuel hai que ir con tento. Sabe el dun rapaz que coidou que metía pallas no burato dun grilo e despois resultou se-lo dunha toupa. E como as toupas coa luz son cegas, o rapaz papou moito susto, que ela andaba atordoada dándolle voltas entre os pés, chocando nel. E o outro do espanto quedou quieto e non se daba movido do sitio.

Con botar a correr xa tiña, pero...

Meu irmán mexa nos buratos. Di que así saen todos fuxindo de afogar. Eu non podo apuntar ben nun buratiño tan pequecho.

Vou abri-lo tobo coa navalla a ver como son as casas dos grilos.

Metinlle a palla e deille voltiñas, pero custoume catro buratos facer saír un. Deume tal susto que non o puider coller. Marchou a escape e cando fun mirar xa se perdera nas herbas.

Era femia, unha raíña, porque levaba rubricada a marca no lombo. Coma un erre. Quedoume unha pena...

Meu irmán collera un onte. Agora témolo nun bote de vidro na cociña e botámoslle follas de leituga. Axudoulle o Cisco, un alumno de meu pai. Din que o colleu Xoán, pero seguro que de non ser polo outro non o collería. ¿Quen lle bota a man sen saber? ¿E se se revira e te morde, que?

Hai que saber como agarralo. Terán un pescociño, e se se apreta un pouco xa está. Así faise coas cobras. O avó Manuel cólleas por tras da caluga e elas quedan alí penduradas do aire, batendo o corpo, que é todo rabo. Só que as cobras son máis perigosas e se te cachan e te morden bótanche o veneno.

Os grilos non teñen veneno. Pero si dentes.

É difícil abri-lo tobo dun grilo. Aínda cando se ten navalla. Porque non é coller e partir. Vénseche abaixo toda a terra e déixaslle pechada a entrada. Fago o que podo pero non sei se o avó non me contaría unha historia das súas, que non vexo que haxa galerías ben cavadiñas, nin camiñiños con curvas e almacéns a cada lado.

Pódeme ensinar no monte a atopa-los tobos dos lobos. Di que un lobo é coma min de grande. O tobo débelle cheirar un montón, porque nos seus almacéns ha de haber ovellas e años. No do grilo nada, só hai herbas e pallas. E leitugas, que ós grilos gústanlle-las leitugas.

Meu irmán Xoán quere mofarse de min:

—¿Que? ¿Traes un saco de grilos?

—Era unha raíña, pero deixei a marchar.

—O que é que non fuches quen a pillala.

—Deixeina marchar. E ela, en troques, permitiume
abrirlle o tobo.

—¿E non te convidou a café con leite?

—Idiota, non toman café con leite. Pero vinlle as alace-
nas, e ti non. E sei que teñen un pociño dentro para cando
vai calor.

8. A neve é friísima

A neve é friísima. Entón a avoa Amparo acende a lareira á anoitecida e despois de cear quedamos alí as dúas, mirando para o lume. Collo un garabullo e vou movendo as brasas. Temos dous banquetos pequenos e cada unha no seu falamos das nosas cousas.

Onte degrañou millo para as pitas.

Contoume cousas de cando era nena, coma min.

A avoa Amparo tiña moitas curmás, e tíos, e vivía a familia enteira toda xunta, nunha casa moi grande. Daquela as saias das mulleres chegaban ós pés e os homes fumaban todos en cachimba e moitos marchaban a América.

O primeiro coche que viu a avoa apareceu ranqueando pola vila e saíron os veciños ás portas e ás fiestras para velo. Traíao un home moi rico, porque daquela os coches eran carísimos. E botaban unha chea de fume.

—Avoa, lembras cousas tan antigas que tes que ser moi vella.

—Boh, a Barreira é moito máis vella ca min.

A Barreira é unha veciña da avoa. Debeu nacer no outro século, senón é imposible ser maior cá avoa.

—¿E por que vive soa?

—Non ten ninguén aquí. O home dela era riquísimo. Moitas terras de Mouzós eran súas. Pero foise hai moito, pouco despois de lles nace-lo filliño. E o fillo, cando foi mozo, quixo coñecer mundo e embarcou. ¿Sabes cando trae

esas cartas que eu lle leo? Pois son dese fillo, que está no Brasil, e ten unha fábrica na selva.

O home da Barreira e mais ela debían estar divorciados, porque ela vive nunha casoupiña moi estragada. Non ten luz e ándanlle as pitas pola cociña todo o día.

Pero a avoa Amparo di que á Barreira só lle pasa que non sabe ben o que son os cartos, e aínda que ten moitos vive coma se non tivese ningún.

Como non sabe ler, que lle le a avoa as cartas do fillo, quizais non dea lido nos billetes: «mil pesetas».

A avoa Amparo sabe moitas cousas de remedios, e de meigas.

A herba luísa serve para acalma-la dor de estómago, pero tomada en tres grolos ó amencer, e saíndo despois coa cabeza cuberta ata a Fonte Fría, mirando sempre para o chan e sen saudar a ninguén que pase preto de un, entón a herba luísa serve para tira-lo mal de ollo.

Polo visto o mal de ollo pode botalo calquera. Non ten máis que desexarlle mal a outro e perseguilo varias veces ollándoo de esguello á cara.

Se vas por un camiño e che cruza un gato negro por diante pódeche dar mala sorte. Pero se ademais de cruzar por diante mira para ti, quedas gafado.

Así que debes ir a fume de carozo á casa e ferver rapidamente un litro de auga con moito sal. Despois láva-la parte do teu corpo para a que ollou o gato. Só deste xeito tiras de ti o maleficio, porque os gatos negros —non todos, pero case todos— son representantes infernais.

Outro remedio moi bo da avoa Amparo é para cando hai treboada. Nas casas de aldea non hai pararraios, así

que no medio dos tronos pode caer un raio e matarnos a todos, facenda incluída. Por iso cando se ve que o tempo vai dar en trebón hai que vence-lo medo e rodear a pasiños curtos a aira. Despois, métese un na casa e colócase preto de cousas de madeira (as mesas, cadeiras, armarios), ata que desaparece a treboada.

Dá moito resultado. A avoa e mais eu fixémoslo sempre e nunca xamais nos caeu un raio na casa.

Son pequenas cousas, pero cando hai problemas moi graves, entón vaise á meiga. Ela di o que está pasando e mais o que hai que facer para solucionalo.

Aínda non fun quen de que a avoa Amparo me levase a ver unha meiga, nin sequera me quere dicir onde vive.

Antes eu coidaba que a Barreira era meiga, porque lle medran pelos moi longos no bigote.

Segundo a avoa Amparo iso non ten nada que ver. Pero non me aclarou que a Barreira non fose meiga. Creo que non quere que o saiba, pero a Barreira é meiga.

O das vasoiras é un invento de aburridos, di a avoa.

Os únicos que voan son os paxaros, algúns avións e tódolos faquires. As meigas, nada.

Case todas son boas, pero se queren ser ruíns para elas é máis sinxelo que para calquera. O mal de ollo bótano só con desexalo. Non teñen nin que ver á persoa sequera. Cocen algunhas herbas seguindo as receitas secretas e xa está.

Onte, cando a avoa degrañaba no millo e eu furgaba nas brasas erguendo faíscas, contoume dunha amiga súa que era aventureira. Marchaba polo mundo e volvía de

tempo en tempo con algunha novidade descoñecida para as outras mulleres.

A primeira vez que a avoa viu unha fotografía foi porque Ila trouxo a aventureira. Alí estaba ela retratada cun sombreiro de flores e plumas. Daquela levábanse así. E a avoa, coma unha pasmona, alí dicindo:

—E mais es ti. E mais es ti.

Non lle daba creto.

Cando mo estaba contando, no medio daquel silencio da noite oín ruídos fóra, na horta. E asusteime.

—Aí hai alguén, avoa. ¡Un ladrón!

A avoa Amparo botou unha gargalladiña e seguía degrañando.

—Pois tes razón, que é un roubo.

Asusteime aínda máis.

—Deixa, non te apures —dixo ela.

¿Se estaban roubando que podíamos facer nó-las dúas alí soas?

—Avoa... —creo que me habían salta-las bágoas. E late-xábame o corazón coma unha fera, que o notaba no pescozo.

—Non te apures, nena, é a Barreira.

Non me acalmei, ó contrario: logo era clarísima demostración de que a Barreira era unha meiga. ¡Saía ás noites para colle-las herbas dos seus meigallos!

¡Sei dunha meiga!

E vai a avoa Amparo e bota unha gargalladiña e non deixa de degrañar.

—Está collendo verzas para o caldo de mañá, bonita. Dálle vergonza pedirmas e se llas dou eu parece que lle fago unha caridade. Deixa, non te apures, meu ben.

De repente, entráronme ganas de marchar durmir. A min, que estiro sempre as horas para escoita-la avoa Amparo.

¡Agh! Case coñecín unha meiga.

É que me desilusionou tanto...



9. Os avós van ser coma o cine

Os avós van ser coma o cine. É que as mudanzas son terribles.

Veu todo nun camiión xigante. Pensei que aqueles homes non darían recollido todo, e mais nada falta.

Vivir na cidade vai ser interesante. Iremos ó cine máis veces e tamén a outra escola. Nesta nova di meu pai que hai unha aula para cada curso. Alí onde el daba clase estábamos todos xuntos, maiores, pequenos e medianos. Porque era unha escola unitaria.

Os homes das mudanzas desarmaron a casa toda. Armarios, camas, mesas, cadeiras, todo desaparecía de sotaque convertido nunha morea de táboas. Envolvíanas en mantas grises, metían os pratos, vasos e tixolas en cestos enormes e unha casa enteira entrou no camiión.

Son expertos. Fixérono nun instante.

O meu traballo foi gardar libros en caixas. E dábame rabia. Aínda ben non tiña eu unha chea e o meu cuarto desaparecera nas escuridades do camiión.

Creo que necesitan música para traballar.

Cando chegaron á mañá andaron dando voltas, medindo e preguntando. Pero en canto prenderon a radio e lle deron volume parece que brincaban de cuarto en cuarto perdidos na maxia de facer desaparecer obxectos.

Quixen preguntar unha chea de cousas. E mais entre a música altísima e o espanto que me metía ver cada vez

máis paredes espidas, preferín meter libros e libros en caixas e quedar caladiña.

No Land-Rover levamos bastantes paquetes. A lámpada máis grande e unha arboriña que segundo mamá pode medrar no piso.

Conténtame moitísimo ter unha casa nova.

Tamén me chinha deixar esta.

Virá outro profe e a súa familia. E ó mellor os nenos destrozan as pereiras. Ou o bambán do castiñeiro. ¿E se xa non coidan os coellos dos alumnos?

Nos pisos non se poden ter coellos. Nin pitas.

Trasladamos moitas caixas no ascensor ó novo piso. Pero algunhas das táboas que son agora os nosos mobles non collían, e os homes prenderon cordas pola ventá e subíronas desde a acera.

Mentres durou a descarga pasaron por alí moitos nenos, e nenas. Fixeime en todos porque, calquera sabe, poden se-los meus mellores amigos de aquí a uns días. Cando nos afagamos.

Terán que dicirnos onde é que xogan. Levamos aquí media tarde e xa pasaron non sei cantos rapaces. Pero non paran. Ninguén xoga por aquí. Nin falan. Só pasan.

Encabúxame que vexan as táboas penduradas. Tomarannos por unha familia de carpinteiros. ¿A quen se lle vai ocorrer que en dous minutos uns pedazos de madeira poidan converterse outra vez en camas bonitas, por exemplo?

Estes homes non cansan.

Pregunteille a un cantos traslados fan ó mes e dixo que eles un ou dous, depende de a onde os manden. Pero que

a xente toda non para de se mudar. Hai moitas empresas de transportes e todas teñen traballo abondo durante o ano enteiro.

Nós só nos mudamos desta vez. E os meus avós e tíos nunca cambiaron de casa.

Paréceme raro o que di este home.

¿Será certo que as carreteras están sempre cheas de camiós de mudanzas indo de acó para acolá?

¿E familias enteiras cruzándose no camiño: nós imos á casa que vós deixades, vós vides á que deixamos nós? Pois vaia baile.

Tamén quixen saber se se perdían cousas entre tanto remeneo de trastos.

Dixo que claro. Eles nunca nada perderan, pero nas outras compañías... As oficinas de obxectos perdidos están cheas de cousas que ninguén reclama. ¿Por que? Porque no fondo son pequenas chilindradas. E para recuperalas hai que andar atrás dos donos e dar moita vara. Mira ti.

Fixen o meu relato. Non perdemos nada.

Xa me dixo que de faltar algo habíamos traer el mesmo. Así que, sen problema.

A lástima é iso. Que os avós van ser coma o cine.

Aló estamos preto deles. Agora aínda vai ser máis difícil que eu coñeza unha meiga, ou saber do que lles pasou ós avós nas súas vidas hai moito tempo. Se nacerá un bucho novo, ou se os carballos do souto están sans. Se vai unha xeadá e murcha os guisantes todos da avoa, nin me decatou.

Terei que me poñer pesada, como facía vivindo alí cando queríamos ver *Robin Hood* ou a Indiana Jones.



10. Non sei por que se empeñan en saber

Non sei por que se empeñan en saber. Non dan acertado.

Díxenlle á mamá que Sabela quería ter un cadelíño que non medrase nunca. Que o puidese levar á escola na mochila.

Ela dixo que os cadelos medran sempre, coma as persoas, e emporcan todo pola casa adiante. De vivir no campo pódese andar con animais, pero nun piso non pode ser. Ademais el quedaría paralítico á forza de non facer exercicio máis ca percorrendo baldosas.

E que para cadelíño pequeno e medio paralítico xa témo-lo de trapo.

Di medio paralítico porque o Vero anda a pilas.

Rompémoslle non sei que mecanismo e agora cando lle damos corda só move as patas dianteiras. Como ten que arrastra-las de atrás, practicamente non sae do sitio.

E ten razón, pódese levar na mochila.

Pero non falamos dun cadelíño que ande cando se lle dá corda, se está ben de maquinaria.

Sabela quere levalo con ela a tódolos sitios, si.

Que non manche nos lugares prohibidos e saiba onde é que non debe facer ruído.

Pero debe facelo porque quere ben á Sabela, porque é intelixente.

Non nacen así, supoño. Aprendémoslles.

E había facer caso porque tamén Sabela había merecelo.

Só nos contos infantís hai persoas que entenden o idioma dos animais —non son tan pequena, eh—. Pero, ¿non é certo que hai outras maneiras de se entender fóra das palabras?

O avó Manuel bótalles discursos moi longos ás vacas cando vai arando con elas. Ben sei que só é por animalas, xa elas entenden no que andan, e con el move-lo pao do arado, déixanse conducir. Fan a curva onde el quere. Non falamos de mandar tanto no canciño.

Non buscamos un can atado nunha corda. Que veña tras da Sabela porque ela tira máis forte.

Xa di mamá: as plantas medran ben se as tratas con agarimo. E se as desprecias, murchan deseguida. É porque se atristuran. ¿E logo?! Porque entenden.

Pois dicimos entenderse así co can da Sabela.

Se os dous queren, ben poderán compenetrárense.

E se lle sae rabioso, que o deixe marchar ó seu aire.

Ó fin, el é libre.

Pode rebelarse se fai Sabela algo que lle pareza mal. Pero se é rabioso, e fai todo por molestar, entón non ten remedio.

Debe ser moi garimoso.

É que por veces tamén somos algo rabudos, se nos enfadaron. Tamén el sería. E só podemos soportarnos se nos queremos moito.

Porque hai cada caso...

Vin un na miña vida pasada, cando andaba eu polos oitenta e pico anos, e me apoiaba nun caxato, que me

fallaban as pernas, como á avoa Ilduara lle pasa, pois coñecín daquela un can tan rabioso, tan rabioso co seu amo, que facía todo por encabuxalo, sendo o amo a persoa máis bondadosa da que souben nunca. Perdoáballo todo.

O amo perdoáballo todo, pero non lograba que entendese as cousas con razón.

Así, o cadelíño poñíase parvo.

Igual cando chegaba a hora de xantar, dicíalle ó amo:

—¿E que me traes aquí? ¡Se este óso está pasado!

—Veña, ho —contestaba o amo con calma (isto vino eu, que conste, non é leria ningunha)—, veña, ¿que dis?, se agora mesmo mo deu Manolo. Agora mesmo, nin é dos da neveira sequera.

Manolo era o carniceiro naquel barrio, xa se entende.

E o can:

—Amo, este óso estache podre. Cómeo ti se queres, eu non lle toco que está podre de todo.

E tiña que marcha-lo pobre do amo a xunta do Manolo, a que lle cambiase o óso, e aínda por riba que rise del. Era o que facía o tal Manolo.

Iso, ¿non?, tampouco é plan.

A min, se me resulta así o canciño, matar non o mato... pero bótoo, ¡eh! Póño na rúa. Que vaia el só busca-la súa vida, aló se entenda.

¡Non te amola!

11. Os meus pais cumpriron a súa palabra

Os meus pais cumpriron a súa palabra. Hai tempo xa que chegamos á cidade. Está a trinta quilómetros de onde viviamos antes. É que Marcos medrou bastante.

No noso piso hai unha terraza pequena que dá á rúa. Temos un cuarto de xogos e maila terraza. O resto do piso é de toda a familia. Porque como hai tráfico e mentres non nos afacemos a vivir aquí, déixannos saír pouco da casa.

Algúns días baixamos ó terraplén de xunta o noso edificio.

É un solar abandonado, cheo de terra seca e pedrolos e madeiras con ferruxe das puntas que lles cravarón.

Aquí hai bastantes rapaces da nosa idade. Van en dúas bandas, a do noso barrio e os de Riobó. Entón, de cando en vez, organízase unha liorta tremenda.

Trátanse no terraplén: os do meu barrio estamos enriba e con pedras e terróns impedimos que os de Riobó suban ata nós. Eles teñen todos tiracoios e lanzan as pedras a moita distancia.

A Lucía —a miña veciña— dálle medo vir ós combates. Pero hai que ir, se os de Riobó conseguen subir igual se lles ocorre non deixarnos onde estar.

Os de Riobó son bastante peores cós do meu barrio. E iso que case todos teñen tiracoios.

Nós, ademais, somos máis listos, e organizámonos acochados nas matugueiras e nas silvas para lanzar pedras e terróns sen que os outros saiban nin de onde lles caen.

Votamos de capitán ó Ramón, un de ollos verdes que fixo a cabana dos eucaliptos, preto da casa onde imos ás ameixas.

El di cando comeza a batalla. Se xa nos ve moi cansos —por veces penso que é cando el se aburre— dá orde de retirada.

Perdemos só unha vez contra os de Riobó. E non perdemos. É que abandonamos.

Convenceunos Lois, o pintor do primeiro piso. Veu ó terraplén cando estabamos ensaiando unha estratexia nova: deixabámonos ver algúns no cimo do terraplén, e en canto os de Riobó nos atendían os outros nosos lanzábanlles de todo desde tódalas outras beiras do solar.

Lois pinta cadros na súa casa, que o vemos polas fiestras abertas. Ás veces son cadros estraños, só de cores e máis cores. É un artista, e de aquí a uns anos irémoslle ve-los cadros nun museo.

—¡Que banda nin que nada sodes vós, se non tedes nin galóns que vos identifiquen, nin uniforme nin nada de nada! —dixo el.

O Ramón, que andaba planificando como segui-la estratexia, caeu na conta. O outro tiña razón. ¿Que banda nin que nada se non nos recoñecía ninguén de non nos ver a todos xuntos?

E Lois propuxo facernos unhas chapas pintadas, de identificación. Pero habería que deixa-la batalla e poñérmolos a pensar no debuxo da nosa marca.

Entón berrou Ramón cara ós de Riobó, desde as silvas que o agochaban:

—¡Eh, xente! ¡Parade! ¡Quedamos mañá á mesma hora!

Os de Riobó lanzáronlle terróns e puxéronse a mofarse del e de nós, dicindo que eramos un fato de covardes, que nos rendesemos dunha vez.

Ramón enfadouse:

—¡Merda! ¡Pois rendémonos! Imos face-la marca da nosa banda, que é máis importante ca pelexar cuns coitados coma vós. ¡Cagáns!

Xuntámonos todos con Lois. Preguntounos un por un a ver que opinabamos do que deberían leva-las chapas.

Díxose de todo. Porque aproveitamos para tomar un nome.

—Chamámonos «Ramón e os seus felinos». E na chapa pos un tigre ruxindo.

Xa Lois lle dixo que iso era unha zarapallada. Primeiro: tódolos da banda eramos iguais, así que non ía i-lo seu nome no título, de especial. E segundo: un tigre ruxindo faría rir a calquera, lembraríalle-lo león das películas. Coma sempre, tiña razón.

«Os dráculas», cun morcego na chapa, ou «Os látigos», cunha fusta, tamén poderían ser.

Estabámolo discutindo cando nos apareceron alí os de Riobó, a ver que era iso da marca da banda.

Tivemos bo tento de non lles dici-los nomes que supoñemos, pero marcharon sabedores e andan eles agora por ver de atopa-la súa.

E mais non hai medo. Non teñen un gran pintor coma nós, para lles face-las imaxes das chapas.

Ademais estamos inventando un himno. Un himno para a mellor banda de dez anos da cidade enteira.

12. Carlota quere facerse tendeira

Carlota quere facerse tendeira cando sexa maior.

Xoán, médico.

Loli vai ser bombeira ou taxista, para facer cartos. E cando teña abondo ha mercar un tractor e adicarse a pasea-los campos. Encántanlle os tractores e di que hai que conducirlos só en paseo.

Para ir aprendendo de máquinas Loli ten unha colección de mecanos. Non creo que aprenda moito, pero polo menos sabe das partes dunha grúa e mais dunha pa, que me explicou o das rodas e correaxes.

Non sei que vou ser eu.

Se falamos dunha profesión imaxínome fácil exercendo.

Falan de enfermeiras e véxome na operación levando unhas amígdalas no pratiño para tiralas ó lixo. Iso fixo unha cando me operaron a min. E ensinoumas, dúas boliñas bastante asquerosas. Despois dábame iogures e xelados. Xa me foi gustando máis aquilo de que me operasen de amígdalas.

Se tratamos de mestres, imaxínome nunha clase da universidade, con moitos alumnos vellos e eu alí, explicándolles fórmulas complicadísimas que case ninguén máis ca min entende.

Afiadora non me gustaría.

Perruqueira tampouco. As clientas bla, bla, bla e eu é certo, é certo, si, si. Non.

Adiviña, si. Cun pano de cores atado na cabeza coma os dos piratas e coa bóla de cristal diante, sabéndolle-lo futuro a tódolos que veñan. Recomendándolle-lo xeito de fuxir de perigos e malas sombras.

Toureira non. Vin unha corrida na TV, na casa do tío Xulián, e paréceme moi fácil que che metan unha cornada e morras alí mesmo.

Pero gandeira, si.

Ter cincuenta ou cen vacas nun prado enorme, botalas a pacer e muxilas tódalas mañás cediño. Sacar litros e máis litros de leite que se vendese en toda a cidade. E á tardiña colle-lo meu cabalo e marchar dar unha volta polas terras, revisar que todo vai ben e respirar aire do monte antes de me deitar.

Gustaríame ser directora de orquestra.

Creo que por riba de todo directora de orquestra.

Diante dunha chea de mulleres e homes elegantemente vestidos de negro, cada quen co seu instrumento. E eu indicando: ¡agora frauta!, ¡entren violíns!, ¡un toque de tambor! Silencio. ¡Os oboes!, ¡arriba a trompeta! Poño un longo de saxo...

Vou ser directora de orquestra.

¡Piano!

Dous minutos seguidos de piano.

¡Un toque máis de tambor!

É como a mamá inventando unha receita de cociña.

Pero nin sequera máncia-las mans probando coa fariña. Ti dis: aquí un toque de trombón, e o home groso do trombón dáche o toque que lle pides. Ti, atenta. Non,

non soa ben, repita, por favor. Así, ata que estea todo no seu punto.

Logo, sêrve-lo prato. Sáese ó escenario do teatro e o público pendente por se conseguiches que quedase ben coordinado todo.

Espléndido.

Pero por veces un non é de maior o que quixo ser de pequeno.

Así di meu pai: case sempre se cambia de idea porque se van coñecendo máis cousas ó tempo que se vai medrando, e poden gustarnos profesións que nin coñeciamos. Ten lóxica, pode ser.

Pregunteille ó avó Pedro que era o que quería ser el de maior cando era neno. Botou unha gargallada a me enxordecer.

—Millonario, encanto. Un rico millonario tomando o sol todo o santo día.

Millonario creo que non é, pero non debe ter moita queixa.

O avó Pedro toma o sol e fuma o seu cigarro na tumbona do patio cando quere, e con iso dos xamóns sempre ten unha morea de billetes no peto.

Vou anotar que quero dirixir unha orquestra, a ver se de maior me cambiou a idea.



13. Hai un monstro no váter

Hai un monstro no váter.

É moi especial e non se deixa ver a miúdo. De feito non se ve case nunca.

Vive na taza do váter, e debe estar ensumidiño, ensumidiño para que ninguén poida cachalo. Porque seguramente ten medo dos humanos, non vaia ser que o vexan e fagan con el a saber que. Amosalo nun circo, ou mazalo a paos, nunca se sabe cales van se-las ocorrencias das persoas.

A primeira vez que o vin levei tal susto que non era quen a me mover do sitio.

O caso é que xa sabía eu que no váter había algo estraniño. Nunca llo comentei a ninguén, pero hai días, especialmente os domingos á mañá, cando nos erguemos tarde e andamos todos pola casa facendo as nosas cousas, en que se nota que algo ten tomado o cuarto de baño. Coma se estivese alí o batallón dalgún exército armado ata os dentes, trala porta pechada.

Todos sabemos que non se pode entrar. A min nunca mo dixeran, nunca falamos diso.

Sábese. E namais.

Ninguén abre a porta do baño. E namais.

Os pais arranxan na casa e eu ando por aí, enredando, coma os meus irmáns.

—Nenos, ¿é á noite cando pensades face-las camas?!

A mamá sempre te colle así, por sorpresa.

Daquela tes que espelir e atenderlle, se non é quen de pasar media hora tras de ti dicindo o mesmo: as camas, as camas, as camas... É mellor facelas e rematar dunha vez.

Córre-lo risco de que deseguida lle pareza que andas vagueando, e entón mándache axiña facer outra cousa: limpa-lo po, por exemplo. ¡Que cousa horrible é limpa-lo po!

Por veces, mesmo é preferible facer que non a oes cando chama para face-las camas. Con sorte, e se ese día non ten gana de leria, acaba enfastiada e non te chama máis. Fainas ela.

Comprendo que iso é un abuso da nosa parte. Pero é que tamén ás veces coida que non temos máis que facer que atender ó que ela pide. Xa parece coma na escola: resolvide estes exercicios, lede o texto, redactade... ¡Pais e mestres!, ¿e quen pode levárlle-la contra?

Loli ten razón. Hai que face-lo que ela chama «aprender navegación». Vira-lo barco das zonas de rochas (meus pais ou dona Chicha berrando porque estou despistada) e fuxir das tempestades (é cando deciden pasar á acción e dispoñen castiguiños).

A cousa é o noso monstro.

A cousa é que pasamos de cuarto en cuarto, percorrémolo corredor moitas veces na mañá, e ben vexo que ninguén se atreve a abri-la porta do baño.

Se cadra o resto da familia tamén se atopou algunha vez cara a cara co monstro.

Para min foi unha sorpresa.

Estaba lavando os dentes no lavabo e a taza do váter quedame xusto detrás, ás costas. Daquela oíno:

—¡Chist!

Quedei alucinada. Tanto que aínda tardei un pedaciño en recoñecerme a min mesma alí no espello, mirando fixamente os meus propios ollos, cunha cara de paiola increíble e co cepillo a medio camiño na ringleira de dentes superiores.

—¡Chist, chist!

Entón mirei para atrás. E alí estaba. Con tódalas patas cruzadas, unhas por riba doutras, e comodamente anicado nun recanto do asento da taza.

—¿Que? ¿Es muda?

—¿Eh?

—¡Ah! Coidei que non falabas. Oes, dille a teu irmán que o faga no pinico.

—¿Que?

—Iso, que o faga no pinico. Ten lombrigas e a min fanme mal. É que eu vivo aí dentro, sabes, e as lombrigas fanme mal. Podería cambiar de casa, pero vou vello e atópome ben aquí. Dille que faga o favor de facelo no pinico, que ó se ver á luz as lombrigas morren de asombro e mortas xa non me molestan.

—Pero...

—Ben sei que non me presenteis. Son o becho do váter. Non saio moito, sabes, pero desta vez érame obrigado. Se non aviso ó teu irmán morro eu coas lombrigas. Oes, de tódolos xeitos ti non digas que me viches, ninguén ten que saber que ando de pingo, saíndo do meu territorio, sabes.

E así. Cando comezaba eu a reaccionar, e ía entrar en detalles, a lle preguntar como se chamaba, e como vivía,

e se tiña familia, esas cousas, vai o becho e cóase para dentro.

Pareceume que debería ensumirse moito para non morrer afogado. Seguramente tiña entre as feitureas dos canos da auga algún recuncho para vivir, pero moi ensumidiño tiña que estar.

E eu alí, co cepillo entre os dentes.

Conteille a meu irmán unha historia bastante increíble na que se acababa entendendo que as lombrigas eran coma quen di dragóns reconvertidos, castigadas polos deuses a se converteren en bechocos alimentados das peores sobras, e por iso había que deixalas morrer ó aire antes de tiralas polo váter.

Nunca vin que meu irmán me fixese caso, porque desde logo non entro con el no váter cando vai face-las súas necesidades.

Pero sei que fai o que lle dixer, porque algúns domingos á mañá ninguén se atreve a abri-la porta do noso cuarto de baño.

14. Estivemos na festa da alameda

Estivemos na festa da alameda, que tiña de todo.

A noria era altísima, e fomos na montaña rusa. Véuseme o estómago ó corazón moitas veces. Teño que dicir que pasei medo, aínda que disimulei ben. Cando baixamos alegroume moito que todo pasara, e mais ter estado alí tamén.

Paramos na caseta de tiro. Non acertei nunca no branco, porque a escopeta pesa de máis. Xa di mamá que están todas trucadas.

Nos coches de choque conducía meu pai e fun de copiloto. Perseguiamos outros nenos ou fuxiamos deles. Rin moito, aínda que cada vez que batiamos marchábame a cabeza para atrás.

Parecía que me había saír despedida do pescozo.

Se non fose porque morreríamos todos, sería un bo espectáculo para os miróns: tódalas cabezas despedidas contra a carpa, e os corpos rematados nun pescozo soltando os volantes para ir recolle-las súas cabezas. Que macabrada.

Entramos ver ó Mago Merlín. Era a historia do que foi o Mago máis grande do mundo, hai centos de anos, o Mago Merlín. Aparecía por alí para cederlle os poderes a un mozo.

Este mago é da antigüidade, e por iso se presenta coa moda daquela, así moi cursi.

Deixaban barbas longas, longuísimas. Quizais aínda non coñecesen as barberías.

Os traxes chegábanlles ós pés, e decorábanos con estrelas grandes. Se vou á clase e dona Chicha aparece así...

Hoxe en día vestirse así é hortera. Tamén Merlín quedaría abraiado se vén á escola e ve a profesora en mini e a don Gonzalo con gravata de puntiños.

Pois cedíalle os poderes a un mozo. Así este podía cortar en pedazos un forzado e recompoñelo despois sen que pasase nada.

Ou meterse, como se meteu, nunha piscina cunha pedra pendurada das pernas e completamente atado de pés e mans. Tardou moito en zafarse, pero non afogou. Porque tiña os poderes de Merlín.

Era unha demostración para nenos pequenos.

Tendo poderes, xa era coma un mago. E se era mago, ¿por que non se desatou só con dicilo?

Maxia tiña. Que cando rematou a historia e estabamos aplaudindo, sen ter tempo nin nada de sotaque aparecemos por detrás do público e deixounos pampos. Acabamos de velo diante e por entre nós tampouco pasou.

Se me cedese a min os poderes...

Non. Se todos tivesemos poderes, ¿cantas cousas non sobrarían neste mundo? Os cartos, ¿para que?, ¿para que unha horta de pementos? Se temos fame, diríamos:

—¡Ah!, ¡como me gustaría estar farta!

E sentiríamo-la enchente.

Se queremos ler:

—¡Ah!, ¡como me gustaría ler este conto!

E estaría lido.

—¡Como me gustaría ir a Australia!

E Australia, vista.

Por iso os magos gastan o tempo amosándono-lo que son quen de facer. Montan unha carpa e véñennos ensinar todo o que saben: para presumir.

É que tamén, se non, é ben aburrido: quero isto, ¡zaca!, aí tes.

A verdade é que se eu puidese ter todo o que quero ter, e facer todo o que quero facer, ¿cantas vidas non había necesitar?

Aínda que ó mellor, sendo mago tamén podes dobra-las vidas en varias veces...

15. Vou ser vella

Vou ser vella.

De nena quédame pouco. Oínllelo dicir ás miñas tías. (¡Como pasa o tempo! Nun visto e non visto, agora a nena logo se ha facer muller. ¿Que lle poden quedar? ¿Un ano, ou dous? E parece que foi onte cando naceu, coma se fose onte...)

Si. É terrible.

Converterse en muller é converterse en adulto. Certamente recoñezo que non teño présa ningunha. Ademais, paréceme bastante perigoso ser adulto.

Xa te pode dete-la policía. E levarte ó cárcere.

Gañar non sei se vou gañar algo.

Porque, ¿que non fago agora que poderei facer?

Nada especial.

Eu xa teño un salario. Dous.

Teño dous salarios porque meu pai dáme unha paga por envia-los xornais do día ós avós. E miña nai págame a fin de mes por lle axudar na casa, especialmente cos vidros.

Conta no banco tamén xa teño. Gardo o que me dan os tíos. Ás veces, é certo, pero case sempre.

Non sei. Ó mellor, podo chegar máis tarde cando saio polo serán.

Iso si.

E merca-la roupa toda que me gusta sen atender a que para cambiar de abrigo haberá que gasta-lo que teño. Porque, se me aburre o abrigo, e aínda queda diñeiro no

banco, ¿que narices vou apandar se me parece horrible?
¿Ou non é certo, acaso?

Se me fago muller...

¿Fareime muller de repente? ¿Así, dun día para outro?

Estaremos todos no comedor, rematando a cea, e de repente vou eu e érgome. Dirá miña nai:

—¿Ti non sabes que un non se ergue da mesa sen deixa-lo prato baleiro?

E direi eu:

—Oes, mamá, déixame en paz. Desde agora mesmo son unha muller. Así que, voume peitear. Chao.

Miña nai ollará para meu pai. Quedarán os dous calados e asustados, agardando a ver que pasa.

Eu collo a cazadora e digo:

—Dádeme as chaves por se durmides cando volva.

O pai furgará no peto.

—E... ¿e logo a onde vas?

—¿Onde vou ir? ¿A onde se vai polas noites? Á disco, está claro.

—¡Ah! —Darame as chaves e eu sairei pola porta.

Eles sentados alí, arredor da mesa:

—Pois xa está, si señor, xa está. Pois si. A nena fíxose muller. Pois si.

Meus irmáns quedarán a rabiar.

E para meus pais..., ¿estarán felices ou quedarán máis tristes?

Deberán estar felicísimos. Teñen que coida-los nenos mentres son pequenos, e ver que lles acaba o traballo comigo deberá poñelos contentos. Así que, se tal, cando eu volva da disco celebrámolo.

E se son maior, ¡a ver quen me reñe! Nin remata o colacao dunha vez, nin pon as zapatillas que te enfrías nin marcha para a cama que é moi tarde.

Tamén debe ser difícil des acostumarse de reñer.

Paréceme que mando moito en min, pero pensándoo así aínda hai ben cousas nas que teño que face-lo que me din.

¡Que lío! ¡Aínda vai resultar interesante facerse muller!

Porque, outra cousa: quero ter unha casa para min soa. Con xardín e piscina, claro. Unha habitación só para escoitar música, toda forrada de cortiza para poder poñer-lo volume a todo gas sen estorbo. Outra só de biblioteca, para ler nun diván enorme, no que poida estar sentada e tamén deitada, que é como mellor se le.

E no cuarto de baño, unha piscina pequecha por bañeira. Cando un se lava tamén pode aproveitar para nadar un pouco.

...Creo que para mercar unha casa hai que ser maior de idade.

¡Eh! Algo vai mal.

Hai algo que non funciona.

Matemática, ¡pura matemática e non funciona!

Logo hei face-los dez anos, tan preto de me converter en muller ¡e mais non vou ser maior de idade!

Imposible. As palabras non poden fallar tanto.

Cando o tío Toño marchou para Francia, marchaba para vivir só, na súa casa. Face-la súa vida. Se eu me apenaba e preguntaba por que se ía, dicíame: xa é home. Fíxose home, é maior de idade e quere marchar a Francia.

E mais cando me faga muller... ¡non coincide! Aínda non serei maior de idade, nin libre para merca-la casa.

¿Que di a lei? Ós dezaioito anos.

Esa lei está mal. Debe se-la medida dos homes. Para Patri e Carlota e Sabela e Loli e Cris, ¿a lei tamén é así?

¡Que lle habemos facer nós se as nenas nos facemos mulleres máis axiña do que os nenos se fan homes! ¿Agardar por eles? ¿Agardar ós dezaioito porque é cando a eles lles toca? Pero, ¿non te amola?!

Xa sabiamos que eran máis infantís. Pero é que a eles non lles van medra-las tetiñas nin poderán parir aínda que quixesen. E saber que podes parir dá moita responsabilidade.

Por iso nós somos adultas antes ca eles...

Co da lei, hai un erro.

Non deberon caer na conta, sabes.

Polo que a min toca vou falar coas amigas, porque tere-mos que pensar na revolución. Dez anos de nenez abondan ben. Logo, prepararse para ser muller, e iso inclúe cambia-los erros. (A revolución xa veremos como a organizamos: pode ser con armas, con discursos, ou barricadas, ou atentados. A ver... Porque habería que evita-la guerra.)

Falarei cos da banda.

É que non quero que nos tomen o pelo. ¡Non te amola!

16. Pensei que escribir un libro podía ser unha cousa ben inútil

Pensei que escribir un libro podía ser unha cousa ben inútil. E mais mesmo as cousas inútiles teñen sentido.

Un ponse a falar dos seus avós, ou do que pensa, ou dun día que se mudou de casa, e vai e remata por descubrir que as leis están mal.

Se non estivese facendo un libro, ó mellor non me daba conta. Ou tardaba máis en me enteirar. E sen embargo deste xeito decateime case sen querer.

Pois xa vou escribir todo o que pense, a ver se descubro máis.

Porque agora, sabendo o defecto das leis, só queda poñerlle remedio. Se non soubesemos que estaban mal, ¿quen as arranxaba? Ninguén, que non habería necesidade.

Pero eu xa o sei: para unha nena non é xusto ter que agardar ós dezoito anos para facerse legalmente adulta, porque se fai muller moito antes, cara ós trece ou por aí.

Así que hai que reclama-la maioría de idade feminina ós trece anos.

Cantas máis voltas lle dou máis claro o teño: este tempo que me falta para ser muller teño que ocupalo en conseguir que a lei sexa xusta.

A ver se o logramos e a nós non nos toca face-lo pailán.

Serémo-la primeira xeración de nenas mulleres á súa debida hora. Sen pasar tantos anos —dos trece ós dezoito—



12
HORA DE CAMBIAR
O MUNDO!

11

10

NON TE AMOLA!

disimulando: sendo muller e facendo como que unha non pasou aínda de rapaciña.

Pois si, aquí remata este meu libro. Agora teño que me documentar para face-lo verdadeiro escrito: un texto que o explique todo moi ben e que convenza para cambia-las cousas. Porque cando as cousas están mal hai que cambialas. E neste mundo é claro que non todo vai perfecto.

Se eu tratando das miñas cousas descubrín un fallo legal... ¡Teño que convencer a todos de que escriban de si mesmos!

¿Que milleiros de fallos non daremos descuberto entre todos?

E así despois poderemos arranxalos, que se non...

¡E cambia-lo mundo!

Mira, xa ves, ademais de para que o Marcos e tódolos nenos pequenos pinten neles, para isto tamén serven os libros.



SUMARIO

5

LIMAR

POR ROSARIO ÁLVAREZ

15

ESTUDO

POR ANA IGLESIAS

EN DIÁLOGO CON XELA

39

UN ALFABETO PARA XELA

41

¡NON TE AMOLA!

XELA ARIAS

45

1. AGORA NA PRIMAVERA FIXEN NOVE ANOS

48

2. ANDEI INVESTIGANDO QUE FACER

52

3. MEU AVÓ PEDRO BAIXABA NA BICICLETA

54

4. VOU CONTAR DE MIN

57

5. MANDÁRONME COA TÍA IRENE

59

6. O AVÓ MANUEL PELEXOU COS LOBOS

63

7. ESTA NAVALLA DE MANGO NEGRO...

66

8. A NEVE É FRIÍSIMA

72

9. OS AVÓS VAN SER COMA O CINE

76

10. NON SEI POR QUE SE EMPEÑAN EN SABER

79

11. OS MEUS PAIS CUMPRIRON A SÚA PALABRA

82

12. CARLOTA QUERE FACERSE TENDEIRA

86

13. HAI UN MONSTRO NO VÁTER

90

14. ESTIVEMOS NA FESTA DA ALAMEDA

93

15. VOU SER VELLA

97

16. PENSEI QUE ESCRIBIR UN LIBRO PODÍA SER UNHA COUSAS BEN INÚTIL

ESTE LIBRO SAÍU DO PRELO NA VÉSPERA DO 1 DE MAIO DE 2021,
UNHA DATA EN QUE AS REIVINDICACIÓNS DAS
TRABALLADORAS PERCORREN AS RÚAS VIGUESAS,
ESAS QUE TANTO AMOU XELA ARIAS.
A MEMORIA DO SEU COMPROMISO INDESMAIABLE COA
DEFENSA DA XUSTIZA E DA IGUALDADE ACOMPÁÑANOS SEMPRE

